



A CAIXA II

-Non vos preocupedes -dixo- que tan pronto como rematemos de comer lévoos eu ó Monteledo e déixoo alí, xa veredes que pronto da a raposa con el. Eu, oído aquilo, corrín a agocharme na miña bañeira, pero non me serviu de nada, pois o vello estaba disposto a cumprir co prometido e tan pronto tomou o café e a copíña, pediu unha caixa e el mesmo me meteu nela ante a indiferencia do neno que nin adeus me dixo, el seguía apretando as teclas da Nintendo. Eu non dixen nada tampouco, nin berrei nin rabuñei, so me encollín na caixa, era tan pequeno ¡e xa vira tanto!. Non sabía ó que me podía esperar fóra, ignoraba si aquela xente, a única que coñecía, era o peor ou o mellor do xénero humano. Estaba ¿como decidés vos? ¿bloqueado?, si, tan pequeno, e estaba bloqueado.

Cando chegou o avó ó portal coa caixa debaixo do brazo atopouse cunha veciña que o saudou e lle dixo que a onde ía pola calor. El repúxolle

- Tirar o gato.

A veciña díxolle que como ía facer iso, ó que el rindo respondeu

- E logo, para que se quere, só da traballo. Ademais agora veñen as vacacións e non hai quen se faga cargo de el.

A veciña insistíalle

- Non faga iso, home

E el inda insistía mais

- Fago, fago

O vello votouse a andar e a veciña sen pensalo mais foi tras el, e colléndoo polo brazo díxolle:

-Déixeme a min o gato que eu buscarei quen o queira.

O home viu o ceo aberto - ¡o inferno era o que tiña que ver!- e mentras lle acenaba coa caixa, dicíalle burlón

- Sí, vai encontrar moito quen o queira, pero ala vostede, tómeo.

Así fomos parar a caixa e mais eu as mans da veciña. Eu seguía tan asustado que non sabía que sería mellor si o Monteledo con raposa e todo ou a miña nova ama.

A muller levoume a súa casa, sacoume da caixa e deume non sei cantos aloumiños. Eu inda que por fóra seguía cagainas por dentro estaba moi contento, pensaba que nunca me trataran tan ben. Púxome de comer e de beber pero eu inda non estaba para esas cousas. Non cría o que estaba vivindo e fixen ben non crelo, porque despois de que a muller lle contou o seu marido a historia de cómo cheguei ata alí el espetoulle

- Pois non sei como o colleche, porque vancho a matar os outros.

Deus, este home que di ¿os outros?. ¡ahl xa sei quen son os outros, recordo que algunha noite cando estaba na bañeira escoitábaos pola fiestra pelexar... non me deron tempo a recordar mais, pois apareceu un siamés pola porta que tan pronto como me viu ó agarimo da súa ama empezou a bufar e a por os pelos de punta, eu por non ser menos fixen outro tanto inda que a procesión ía por dentro. A muller rifáballe cariñosamente ó siamés pero el non entraba en razóns e o palleiro, perdón, o común europeo, que apareceu a continuación levaba a mesma pinta de non entrar en ningún tipo de razoamento. Así que entre a muller e o home acordaron que a única solución era levarme para o garaxe e buscarme colocación o antes posible. Á muller dáballe pena porque eu agarrábame a ela cas uñiñas e escondía a cabeza no seu peito unha vez que vin que o siamés e o palleiro , perdón, o común europeo non se calmaban. Polo tanto e moi sensatamente acabei no garaxe, que a min me pareceu un mundo grande, grande. Había moitos trastes que me servían de gorida e tiña unha boa fiestra que

daba para unha horta, pola que entraba o sol e vía os outros conxéneres andar por alí fóra. A muller baixábame comida, auga fresca e dicíame cousas bonitas para que eu saíra de entre os trastes. A verdade é que era ben boa, pero eu non sempre lle daba o gusto de que me vira, porque estaba receoso polo que levaba vivido. Penso que ese debe ser outro dos meus traumas porque receoso inda sigo hoxe, recorda que na rúa non consinto que ninguén se me acerque ¡nin ti!

Aquela vida non estaba mal, só botaba de menos non ter outro gatiño para xogar, era o que envexaba dos que vía pola fiestra.

Ós poucos días apareceu a muller con outra mais nova e unha caixa, eu que as vin dende a miña gorida xa votei conta que a miña vida volvía cambiar. Intentei meterme no recuncho mais profundo, elas chamábanme con moita mexericada e revolvían entre a trangallada para que saíra, o final colléronme. O que elas non souberon foi que fun eu quen se deixou coller, porque habendo unha caixa polo medio non teño nada contra que loitar.

A muller nova acariñábame e dicíame cousas para tranquilizarme, mentres lle contaba a outra como se enterou da miña historia pola tendeira e que ela tiña unha casa nun pobo con xardín e horta e que o gato ía estar moi ben atendido.

Así me vin de novo metido nunha caixa, pero non me mareei porque a muller nova ía dando golpiños na caixa e falándome con moito agarimo do ben que íamos estar todos no campo. A muller nova ¡eras til!